

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: [SERVIZO DE MANTEMENTO DO PROGRAMA DE XESTIÓN PARLAMENTARIA](#)
Valor estimado de licitación do contrato (duración completa): 72.000 €
Duración: 2 anos iniciais dende a formalización prorrogable ata 2 anos mais

Datos do expediente:

- Procedemento negociado sen publicidade cun único empresario
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de adxudicación

Análise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior, detalla o iter procedimental resultando:

- Invitouse a un único licitador que reunía o requisito de ter os dereitos en exclusiva a tal fin.
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as comisións negociadoras que emitiron os informes inicial e final de avaliación de ofertas.
- Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, previa solicitude dos informe técnicos, e visto que o único licitador invitado por exclusividade, cumpría os requisitos esixidos e as súas proposicións se axustaban aos pregos, remitiuse a proposta ao órgano competente para a contratación, que en sesión do 15/11/2016 formulou proposta de requirir ao único licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- A oferta económica do licitador foi coincidente co orzamento da licitación : 36.000€ V.E./ 2 anos (43.560€ con iva)
- Que o licitador requirido presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado en atención á duración inicial.

O Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de INDRA SISTEMAS, S.A., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarse nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 15 de decembro de 2016
A interventora